

GUION DE CREACIÓN DE PODCASTS

O primeiro é crear un guion para o programa de radio e unha escaleta coa secuenciación das súas partes (música, efectos, intervencións e duración).

Dentro da parte técnica os pasos a seguir son:

1. Enchufar a mesa de son e o ordenador e acendelos. (Non activar o botón de Phantom da mesa de son). FOTO NÚMERO 1.




Foto 1: Botón de acendido

2. Comprobar que os cables dos auriculares e dos micros están conectados e operativos. Cada micro ten unha cor e vai conectado a unha pista (cada pista é unha liña vertical de comandos). (FOTOS NÚMERO 2 e 3).




Foto 2: Conexións dos micros



Foto 3: Pista dun micro

3. Os auriculares van conectados a un distribuidor que está no centro da mesa. Os botóns do distribuidor soben e baixan o volume dos auriculares (FOTO NÚMERO 4).



Foto 4: Distribuidor de auriculares

4. Os auriculares da persoa que controla a gravación van conectados á mesa de son nun jack chamado phones (FOTO NÚMERO 5).



Foto 5: Conexión dos auriculares do controlador

5. Para que as pistas estean activas teñen que ter o comando MUTE desactivado, co piloto apagado. (FOTO NÚMERO 6).




Foto 6: Interruptor para mutear as pistas

6. O máster (MAIN MIX) debe estar en valores altos (FOTO NÚMERO 7).



Foto 7: Posición correcta do máster

7. Os comandos AUX e FX deben estar a 0 (FOTO NÚMERO 8). As rodiñas de ganancia (GAIN) deben estar a un 75% (FOTO NÚMERO 8).



Foto 8

8. Abrir o programa de edición de audio Audacity no ordenador.
9. Premer no círculo vermello (botón de gravación) en Audacity e comprobar que grava correctamente.
10. Se hai música, descargala previamente nunha carpeta do ordenador e gravalas á vez coas intervencións faladas. Tamén se pode editar o son a posteriori: facer unha montaxe dunha pista de voz e unha pista de música ou efectos sonoros en Audacity.
11. As pistas de Audacity non válidas poden desbotarse premendo o X á esquerda da propia pista.
12. Editar os niveis de son despois de gravar o programa. (Seguir instrucións do tutorial de Audacity).
13. Gardar o proxecto (Ficheiro-Gardar proxecto como...) e despois exportalo en mp3 (Exportar son-Formato MP3).
14. Se se considera necesario, subir o proxecto a unha plataforma coma Ivoox.